BioArtLab

Unha pedagoxía transdisciplinar

Obradoiro de Biomateriais

Paula Pin Lage

Contexto e referentes →

●○○○

.Bioarte transfeminista

●●○○

.Tecnoloxías apropiadas

●●●○

.Código aberto

●●●●

.Sostenibilidade

Contidos da proposta educativa.

1. Metodoloxía

- **Co-producción de ferramentas, Open Source (hardware aberto).**
- Do it together Transfeminist Science.
- TransDisciplina dilución dos límites entre disciplinas. Bioarte.

2.Obxectivos

- Desactivar lóxicas capitalistaS, favorecendo a cooperación.
- Entender e aplicar o concepto Hacking e as tecnoloxías apropiadas.
- Reconectar coa natureza e recoñecer os saberes ancestrais.

3.Obradoiros

- Introdución ao Bioarte, performance e activismo (Común a todos)
- **Obradoiro 01 : O ADN**
- **Obradoiro 02 : MICROSCOPIA**
- **Obradoiro 03 : TINTES**
- **Obradoiro 04 : BIOPLÁSTICOS**

1. Metodoloxía

01.
CO-PRODUCCIÓN DE FERRAMENTAS, OPEN SOURCE (HARDWARE ABERTO).

O Arte e o "Open Source" como práctica Transfeminista da equidade busca compartir os coñecementos de maneira horizontal para que os beneficios da ciencia non causen dano. O Código Aberto facilita accesibilidade socioeconómica porque na maioría dos casos os materiais son de menor custo e pódense obter facilmente. As persoas teñen dereito ao coñecemento e, polo tanto, dereito ás ferramentas para obter ese coñecemento, a través do hardware aberto diversificanse os valores e os cuestionamentos da investigación para facer tecnoloxías. É neste facer tecnoloxía onde se activa a co-produción de ferramentas a partir do DIY “Do it Yourself” (faino ti mesma) e do DIT “Do it Together “ (faino con outras).

02.
DO IT TOGETHER TRANSFEMINIST QUEER SCIENCE.

Tendo en conta o contexto de actuación de habitar e face-los laboratorios, a miña proposta ten unha forte pegada inmersiva porque consiste na transformación dunha aula de debuxo nun laboratorio de ciencia "queer" para que a través da acción de Habitar o laboratorio, poidamos abrir o laboratorio ao mundo para de.colonizar a ciencia e socializar os saberes a partir de prácticas trasHackfeministas de "Open Source", que operen desactivando “as lóxicas capitalistas”.

Laborare= laboratorio= hábitat natural onde laboras no que amas
Imos a analizar que estratexias temos como arte-educadores para actuar nesa desconexión, resistindo e xerando os cambios que sexan necesarios para enfrontar a crise ecoloxica e sociocultural na que estamos inmersas.

03.

TRANSDISCIPLINA: DILUCIÓN DOS LÍMITES ENTRE DISCIPLINAS.

A metodoloxía empregada basearase na elaboración conxunta de ferramentas para vivir a experiencia de construír un laboratorio caseiro. Esta experiencia é moito máis transformadora que un simple ABP porque no caso que nos ocupa son xs alunnxs os que constrúen as ferramentas e elaboran os experimentos a partir de actividades de ensino-aprendizaxe propias dunha pedagoxía experiencial que no xiro posthumanista defínese como holística, onde as fronteiras son porosas, e os estudantes desenvolven capacidades de sentir, pensar e imaxinarse a eles mesmos relacionalmente. De feito a relacionalidade está no corazón da pedagoxía: non soamente entre profesores e estudantes pero senón tamén tendo en conta os espazos, os seres non humanos e os materiais onde a aprendizaxe ten lugar.

> Todos os obxectos, os corpos, os espazos nos cales lidamos coa pedagoxías as escolares, educadores ou aprendices todos fan cousas: son axentes que activamente ensinan e aprenden a formar, co que aprendemos nos espazos e lugares. A pedagoxía posthumanista solicita prestar atención a estes sets animándonos a crear novos modos de pensar disruptivosos espazos tradicionalmente usados para ensinar, e recoñecer e sintonizando cos espazos e lugares que sempre foron pedagóxicos – como a cociña na casa. Blaikie, F., Daigle, C., e Vasseur, L. (2020).

Hoxe en día segue sendo necesario traballar os contidos a nivel conceptual, procedimental e actitudinal, para eliminar os vellos preconceitos e deshabitar coa praxes os posibles restos de marco de pensamento restrictivos da ensinanza clásica xa que eles entropecen a nosa Labor Activista.

O meu interese e introducir ao estudantado diferentes as prácticas artísticas contemporáneas de performance e activismo e a súa extensión rhizomática cara a prácticas colectivas de creación a partir de laboratorios transdisciplinares.

En relación ás accións e "axencias" en xogo na proposta da transformación dun aula nun laboratorio, e tal e como afirma Barad a "axencia" non é "algo que alguén ou algo ten" e máis ben que é unha "promulgación [...] facendo ou sendo" (2007: 178). Neste sentido, para un performance, a axencia non existe antes do momento da acción co medio técnico, senón que xorde a través desa acción. Cada momento da xeración improvisada implica un "ser" e "facer" específicos para construír o espazo laboratorio ou intermedio e ese momento tamén é un punto de enrredo axencial. Barad afirma, nun sentido máis amplo, que: existen posibilidades particulares de (intra-) actuar en cada momento, e estas posibilidades cambiantes implican unha obriga ética de actuar de xeito responsable no devir do mundo, de disputar e reelaborar o que importa e o que está excluído da importancia (2007: 178). Este aspecto particular da intra-actividade é o que aumenta para o performer do laboratorio, xa que o papel dentro do evento non é simplemente presentar ou representar, senón **facer e activar**, "disputar e reelaborar" e, en definitiva, asumir a responsabilidade para o desenvolvemento dun evento, que non ten unha estrutura preconcibida. é dicir é performance e xera novidade a través da difraccción.

A investigación artistico cientifica mostrasenos como una capacidade de performar outros mundos, somos un entramado de relación humana e non human, espazo, materiais. se mantemos equidade e atendemos non so o que ten a ver con nos, estaremos a presenciar o laboratorio como unha rede de conexións afectivas.

É esta rede de conexións afectivas a que considero esencial no acto da aprendizaxe, para deste xeito xerar unha maior conciencia para por ver máis alá do humano e incorporar o resto de axencias que en relación propician aprendizaxes significativos.

Performar cos alumnos un Laboratorio de Ciencia transhackfeminista e queer xera moitas posibilidades. Habitar o laboratorio, abrir o laboratorio ao mundo para de.colonizar a ciencia socializando os saberes a partir de prácticas trasfeministas (link to transhackfeminismo) de código aberto, (open source link) e queer que operen desactivando “as lóxicas capitalistas”.

As aulas/ obradoiros queren en si mesmas ser una invitación a pensar a Arte nas súas ultimas manifestacións contemporáneas para que dende a nosa experiencia como artivistas/ arteducadores podamos sentirnos libres de interferir tanto no deseño do currículo como na adaptación das actividades e os obxectivos coa finalidade de brindar ao Estudantado experiencias positivas e transformadoras.

Alén do visíbel plantea abrir os procesos de ciencia para a través do Activismo e da BioArte incorporar prácticas híbridas a a partir das accións realizadas no laboratorio mundo. Entendendo o mundo como un laboratorio experiencial e experimental, que da cabida a un coñecemento que parte da experiencia do corpo expandido cara a interferencia colectiva.

2. Obxetivos clave da proposta

●○○○

. desactivar das lóxicas capitalistas

Entendendo o mundo como un laboratorio, experiencial e experimental, para dar cabida a un coñecemento que parte da experiencia do corpo expandido cara a interferencia colectiva.

●●○○

. renonectar coa natureza

O BiArt lab é un espazo para o estudo da natureza que ten como obxectivo principal artellar un pensamento crítico arredor da ecoloxía feminista, a creación e experimentación.

●●●○

. entender e aplicar o concepto hacking

Cuestinarse as verdades reveladas e capacitarnos para xerar as nosas propias investigacións. Elaborar ferramentas gratuítas e de código aberto, para favorecer a ciencia aberta a través de experiencias prácticas de bioloxía caseira.

●●●●

. recoñecer os saberes ancestrais

Por en valor os coñecementos herdados das nosas entepasadas, actualizando pedagoxías radicais e indixenas coas tecnoloxías do presente. Cyborg Witches

3. Obradoiros

BIOARTE, PERFORMANCE E ACTIVISMO

SESIÓN INTRODCUTORIA COMÚN AOS OBRADOIROS 01,02,03 E 04

1. Navegación na rede a través de proxectos persoais e colectivos que no contexto da BioArte https://jellypin.hotglue.me/hackteria

2. **Presentación de redes, colectivos e Artistas e activistas que traballan con BioArte**

Pinnar Yoldas

https://www.pinaryoldas.info/Ecosystem-of-Excess-2014

O traballo de Pinnar está relaionado con os danos que produz o humano nos ecosistemas. No caso de cosistems of eccess realiza unha investigación dunha bacteria que é capaz de dixerir o plástico; formulando unha serie de pezas escultoricas de plásticos sintéticos emulando os órganos humanos no futuro se tivesen que vivir nun exceso de plástico.

https://jellypin.hotglue.me/hackteria

3- Proxecto Uter

https:projecteuter.wordpress.com/

sobre o ütero e a colonización do corpo da muller

historia gráfica acompañada dun pequeño manual onde se narran as partes do debuxo, para visibilizar como a violencia obstetrica operaba e ainda hoxe opera nos corpos das mulleres.



BIOARTE, PERFORMANCE Y ACTIVISMO: TRANSFORMACIÓN DEL AULA EN UN LAB DIWO

INTERVENCIÓN EDUCATIVA DE CARÁCTER INNOVADOR COMO RESULTADO DE LA INTERSECCIÓN ENTRE ARTE, CIENCIA E TECNOLOXÍA DESDE UNA PERSPECTIVA TRANSHACKFEMINISTA.



https://prototypome.gridspinoza.net/index.php/Prototyp-ome_autoresidence

clase Transformada en Laboratorio

A PARTIR DE KITS/ **LABORATORIOS DE BIOLOGIA EDUCATIVOS CREADOS POR NOSOTRAS** IREMOS A DESCUBRIR LA NATURALEZA

04.BIOMATERIAIS

QUÉ SON. PARA QUÉ, CÓMO ?

O laboratorio consta de tres sesións :

1- Unha primeira sesión onde falaremos da importancia do uso de materiais ecolóxicos como os Biomateriais. Qué son ? de qué se compoñen ?

2- E unha segunda sesión na que se propón a elaborar colectivamente unha biblioteca de materiais, é dicir recuperar receitas que xa foran levadas a práctica noutros contextos e abrir paso a novas receitas e experimentacións.

3- Unha sesión de Fanzines feministas para documentar os procesos.

Experiencias recentes biomateriais





Experiencias con biomateriais

https://archive.org/details/hackaton-paulapin-2


Transeminismo
HACKING
Abrindo as caixas negras, elaborando ferramentas de código aberto e favorecendo a ciencia aberta.
entender e aplicar o concepto hacking

I'M A UNICORN AND I DO WHAT I WANT

ÍNDICE
Definición genética
Explicación ADN
Experimentos
Rosalind Franklin
ROSALIND FRANKLIN
(Siglo XX)
genética

construe o teu microscopio
con Paula Pin

BIOARTLAB